

Na primeira quincena do mes de Agosto do ano 2006 , Galicia sofreu unha vaga de lumes forestais que devastou ao redor dunhas 80.000 has de montes arboreados , amais de levar tras de si algunhas vidas humanas , bens domésticos e industriais , animais salvaxes , e en xeral o medio de vida de moitos habitantes da zona que compartían un espazo dun grande valor ecolóxico.

A raíz destes acontecementos nace no Concello coruñés de Padrón o **Colectivo Remonte** , unha asociación sen ánimo de lucro , que pretende criar un gran proxecto ambiental de restauración das areas afectadas polo lume , un novo espazo natural que vencelle ao habitante do rural co medio natural .

O monte precisa de ti , precisamos da tua axuda **apadriñando unha árbore** , apadriñando un proxecto de futuro , un proxecto de sostibilidade para a xente e o espazo forestal danado polo lume . Pretendemos unha restauración forestal integral das zonas afectadas , un proceso de base ecolóxica sensíbel ambiental e socialmente , onde se teña en conta a triple función ecolóxica , económica e social do monte

Qué significa apadriñar unha árbore?

Significa que coa tua aportación simbólica axudarás de xeito decisivo á restauración das zonas afectadas polo lume , e a consecución do proxecto integral que temos plantexado

Todos podedes participar , persoas individuais , empresas , colectivos . . . incluso dende calquer lugar do mundo , o único requisito son ter gañas de colaborar connosco .

Cómo podo participar?

Establecemos un horizonte temporal inicial de 25 anos para o funcionamento do proxecto con criterios de sostibilidade . Co lema **1 €=1 árbore** podes facer as tuas aportacións dunha soa vez (25 euros) ou ben en pagos de 5 euros ao ano durante 5 anos consecutivos .

Non esquezas que podes apadriñar cantos árbores desexes , e incluso podes regalar o apadriñamento ou amadriñamento a outras persoas (Non crees que este é un bon regalo?)

Si eres unha empresa de base rural tamén podes colaborar connosco coa donación de activos que precisemos para a posta en marcha do proxecto (árbores , arbustos , fertilizantes , prestamo de maquinaria , apeiros , medios humanos . . . todo é ben recibido)

Aparte dos donativos como padriño ou madriña , tamén podes colaborar connosco como voluntario e ver *in situ* o avance do proxecto . Sempre se necesitara axuda para regar unhas árbores , para desbrozar , facer novos socios , labores administrativas . . . calquer campo no que poidas tender unha man.

Cómo apadriño?

Mediante o formulario da nosa web www.montegalego.org

Vía e-mail apadrina@montegalego.org

Vía fax 981 810 382

In situ , cumprimentando o formulario existente .

Toda a información que precisas podes obtela visitando a nosa web

www.montegalego.org